



EXPTE. Nº 19/2020 (ELECTRÓNICO 2020007729): “SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN DE RECADACIÓN, NOS PERIODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA”.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOS "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONS ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO, COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA" MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO, XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN POR LOTES, RÉXIME XURÍDICO E XURISDIÇÃO COMPETENTE.

O obxecto do contrato é a contratación dos "servizos complementarios e de colaboración na recadación, no período voluntario e executivo de todo tipo de sancions administrativas do Concello de Sanxenxo, como da súa xestión, agás as de natureza urbanística", conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP), ao de prescricións técnicas (en diante PPT) e a oferta presentada polo contratista, tendo todos eles carácter contractual. En caso de discrepancia entre pregos, primará o sinalado no PCAP. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é CPV é 66600000-6 “Servizos de tesourería”.

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, xustifícase a non división en lotes. Esta non procede ao abeiro do disposto no artigo anterior no seu apartado b) que sinala:

“b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.”

Enténdese que non é posible a división en lotes, tendo en conta as fases ou a execución dos traballos (división horizontal) obxecto do contrato, dado que a fase de colaboración na recadación de procedementos sancionadores, constitúe unha fase en sí mesma dos procedementos sancionadores e polo tanto indivisible, con substantividade e autonomía propia, polo que na práctica sería moi difícil realizar algunha división dos traballos en cuestión.

Se se ten en conta, a posibilidade de dividir en lotes o presente contrato, dende o punto



de partida de procedementos sancionadores (división vertical), igualmente queda xustificado a non división debido a que:

- Se se definisen os procedementos sancionadores por lotes, quedaría pechada a posibilidade de que ante a promulgación dunha norma sancionadora, non houbera empresa encargada da colaboración na recadación. Polo tanto, desta forma o presente procedemento de contratación de servizos ten un carácter global no que concerne á colaboración e tramitación na aspecto recadatorio dos procedementos que instrúan materia sancionadora.
- Maior claridade e transparencia para o cidadán na execución dos traballos ante unha única empresa adxudicataria, en contraposición a unha pluralidade de empresas adxudicatarias.
- Existiría para o Concello (Alcaldía, Tesourería, Intervención, Policía Local....) unha maior dificultade na coordinación dos traballos.

En definitiva, e en base aos argumentos expostos, a división por lotes do obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do contrato, co evidente prexuízo que isto suporía para a Administración contratante.

As contraprestacións obxecto deste contrato son propias do administrativo de servizos e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos do sector público (LCSP, R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en diante RXC e R.D.817/2.009); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ao tratarse dun contrato administrativo de servizos de valor estimado superior a 100.000,00 €, poderán ser obxecto de recurso especial en materia de contratación os actos sinalados no art. 44.2 da LCSP, tendo a competencia para a súa resolución o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. O enderezo do referido tribunal é **Rúa. Raxeira 52, 2º piso.15781-Santiago de Compostela** e o correo electrónico **tacgal@xunta.gal**.

As regras sobre lexitimación, medidas cautelares, iniciación do procedemento e prazo, forma e lugar de interposición do recurso, tramitación, resolución e efectos, se encontran nos artigos 48 ao 59 da LCSP.

As cuestións litixiosas resolveranse pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ase como os recursos contra as resolucións dos recursos especiais de contratación.

2.-PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO.

Á vista do informe da Tesourería de data 11 de novembro de 2020, que se remite ao



anteriormente emitido en maio de 2020 e aos datos contables da retribución percibida polo anterior contratista, o **orzamento base de licitación**, entendido como límite máximo do gasto que, en virtude do contrato e ao longo da duración do mesmo, compromete ao órgano de contratación, **incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE) ascende a 240.000,00 euros IVE engadido e o orzamento base de licitación anual con IVE será de 120.000,00 euros.**

Trátase de determinar coa máxima exactitude o valor estimado do contrato, sendo este indicativo aos efectos de determinar o procedemento de adxudicación procedente, solvencias e garantías esixibles.

Os importes recollidos nesta cláusula son estimativos, dependendo pois, dos procedementos sancionadores incoados, do recadado e das porcentaxes que a empresa adxudicataria oferte na súa proposición.

Á vista do anterior o valor estimado deste contrato, **que non inclúe o IVE, ascende a 198.347,11 euros.**

O prezo do contrato, entendido como a cantidade en €, incluído o IVE, que se aboará ao contratista en función da prestación realmente executada e de conformidade co pactado, será a cantidade correspondente ao criterio de adxudicación do contrato, avaliable automaticamente, denominado "OFERTA ECONÓMICA", que non poderá superar o presuposto base de licitación.

A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato.

3.-RISCO E VENTURA, REVISIÓN DE PREZOS E ADMISIÓN DE VARIANTES.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de duración nin se admitirán variantes ou alternativas.

4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica.

O contrato non se encontra suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co sinalado nos arts. 19 e 22 da LCSP e tendo en conta que o seu valor estimado non é igual ou superior a 214.000,00 €. A adxudicación realizarase mediante o **procedemento aberto. A súa tramitación será ordinaria.**



O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación da Disposición Adicional 2ª 1 e 2 da LCSP, ao tratarse dun contrato cun valor estimado que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de 6.000.000,00 €, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

5.-CRITERIOS DE SOLVENCIA E A SÚA ACREDITACIÓN: Para os contratos de servizos, agás excepcións, non é esixible a clasificación do empresario. No suposto de que o licitador poidese acreditar a súa solvencia, podería, indistintamente, facelo mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondente ao contrato, ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. No presente contrato non existe equivalencia, polo que non se admitirá a acreditación de clasificación algunha, sendo os requisitos específicos os seguinte:

- 1. Solvencia económica e financeira: Acreditarase polo seguinte medio:**
Volume anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volume dentro dos TRES últimos exercicios concluídos, por importe igual ou superior a 297.520,66 € (unha vez e media o valor estimado do contrato).
Acreditarase por medio das contas anuais do licitador aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro e, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- 2. -Solvencia técnica e profesional:** Tendo en conta o establecido no artigo 90 da LCSP, establécese para o presente contrato a seguinte solvencia técnica dos empresarios: **Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza cos que constitúen o obxecto do contrato**, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos prestados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a igualdade entre os tres primeiros díxitos do CPV 66600000 (66), **polo importe anual acumulado no ano de maior execución e como máximo nos tres últimos anos, igual ou superior a 99.173,55 euros** (70% da anualidade media do contrato) e na que se indique importe, data e destinatario público ou privado, Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Cando o contratista sexa **unha empresa de nova creación**, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase polo seguinte medio, **[apartado 1, letra g) do art. 90 da LCSP]:**

- Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos tres anos, acompañada da documentación xustificativa



correspondente cando lle sexa requerido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

6.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse.

A) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: VALORARANSE ATA UN MÁXIMO DE 50 PUNTOS, coa seguinte descrición da puntuación que se atribúe a cada un. **Esíxese que a puntuación total obtida por este criterio debe ser igual ou superior a 25 puntos**, xa que se non a alcanza algunha proposta, excluírase ao licitador e non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

- I) Equipo adscrito á execución do contrato**, con especial incidencia no relativo aos medios persoais (***Ata 20 puntos***). **Esíxese que a puntuación obtida por este apartado do criterio sexa de 10 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, excluírase ao licitador e non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.**
- II) Plan de desenvolvemento dos traballos**, atendendo á estrutura organizativa do Concello de Sanxenxo, analizando os seguinte aspectos Establécese un límite máximo de extensión de 10 páxinas, letra arial 12, interliñado simple e marxes 2,5 para o desenvolvemento de dito Plan. As entidades que excedan dito límite ou sen excederse recollan contidos non esixidos neste parágrafo sufrirán unha minoración da valoración do Plan. (***Ata 20 puntos***). **Esíxese que a puntuación obtida por este apartado do criterio sexa de 10 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, excluírase ao licitador e non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.**
- a. Secuencia de esforzos tendentes á axilizar a xestión en fases iniciais, limitando, polo tanto a xestión en fase executiva.
 - b. Estudo detallado de todas as opcións dirixidas a mellorar e acurtar os tempos de notificación.
 - c. Medidas tendentes a axilizar a xestión evitando a prescrición das infraccións ou a caducidade dos procedementos.



III) Adaptación do procedemento sancionador á normativa da Administración Electrónica. (Ata 5 puntos). Esíxese que a puntuación obtida por este apartado do criterio sexa de 2,5 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, excluírase ao licitador e non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

IV) Plan do Tratamento de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (especial atención á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, ase como ao Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro). (Ata 5 puntos). Esíxese que a puntuación obtida por este apartado do criterio sexa de 2,5 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, excluírase ao licitador e non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas.

B) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MATEMATICAMENTE MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE FÓRMULAS: VALORARANSE ATA UN MÁXIMO DE 50 PUNTOS. Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala:

1º) Oferta económica. Consistirá na redución das porcentaxes establecidas como retribución máxima para o adxudicatario sinaladas na cláusula 19ª deste prego. A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

I) Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico en periodo voluntario: A razón de 1 punto por cada 0,5 % de baixa por sobre o 34% da recadación líquida en periodo voluntario. (Ata 10 puntos).

II) Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico en periodo executivo: A razón de 1 punto por cada 0,5% de baixa sobre o 40% do principal recadado en período executivo. (Ata 10 puntos)

III) Colaboración na xestión e recadación dos restantes expedientes administrativos sancionadores de natureza distinta as multas de tráfico, agás as de natureza urbanística:

a A razón de 1 punto por cada 0,5% de baixa sobre o 39%, 29% e 19% do recadado en período voluntario segundo a contía da sanción (Ata 600,00 €, entre 601,00 € e 6000,00 € e mais de 6.000,00 €), que figuran na cláusula 19 do presente Prego. (Ata 10 puntos).



- b A razón de 1 punto por cada 0,5% de baixa sobre o 39%, 34% ou 24% do principal recadado en período executivo segundo a contía da sanción. (Ata 600,00 €, entre 601,00 € e 6000,00 € e mais de 6000,00 €), que figuran na cláusula 19 do presente Prego. (Ata 10 puntos).

No caso de que se ofrecesen neste criterio fraccións de redución que non alcanzasen a cifra establecida para outorgar a puntuación estipulada para cada porcentaxe de baixa fixado anteriormente, a puntuación que se outorgaría por esta fracción sería proporcional con dous decimais.

2º) Defensa e representación xurídica (10 puntos). A estos efectos os licitadores poderán propondor, se así o estiman convinte, asumir a defensa e representación xurídica do Concello e do Organismo Autónomo Terra nos recursos contencioso-administrativos derivados de todos os procedementos sancionadores derivados dentro de ste ámbito contractual.

7.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

Se aplicados os criterios de adjudicación citados na cláusula anterior, existe un empate entre dúas ou mais ofertas, aplicarase o seguinte criterio social, referidos ao momento de finalización do prazo de presentación de ofertas:

Maior porcentaxe de mulleres empregadas na plantilla de cada un dos licitadores.

No caso de persistir o empate, procederase a realizar un sorteo.

A documentación acreditativa do criterio de desempate será aportada polos licitadores no momento no que se produza o empate e non con carácter previo.

8.-PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS ELECTRÓNICAS (REQUISITOS, LUGAR E PRAZO). INFORMACIÓN ADICIONAL E CONFIDENCIALIDADE.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e a documentación pola que se rixe a licitación e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo licitador do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha, así como a autorización á mesa de contratación (en diante mesa) e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

CADA LICITADOR TERÁ QUE PRESENTAR UNHA PROPOSTA individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en máis dunha unión temporal. **O INCUMPRIMENTO DESTA CLÁUSULA DARÁ LUGAR Á DESESTIMACIÓN DE TODAS AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLO MESMO LICITADOR**



AFECTADAS POR ESTE VICIO.

A PRESENTE LICITACIÓN TEN CARÁCTER ELECTRÓNICO. Os licitadores deberán preparar e presentar as ofertas de forma electrónica a través da "Ferramenta de preparación e presentación da Plataforma de Contratación do Sector Público" (en diante PCSP)". A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema (pola PCSP).
- A apertura e avaliación da documentación mediante a PCSP.

As proposicións presentaranse, exclusivamente de forma electrónica mediante a "Ferramenta de preparación e presentación da PCSP", que pon a disposición dos candidatos e entidades licitadoras para tal fin, por este motivo para participar nesta licitación, os licitadores interesados, deberán rexistrarse na PCSP.

As ofertas electrónicas e todo documento que a acompañe deberá estar asinada electrónicamente por algún dos sistemas de sinatura admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido das ofertas ata o momento da súa apertura, a PCSP mediante a Ferramenta, cifrará os arquivos no envío, e unha vez realizada a presentación a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión con selo de tempo.

As ofertas presentaranse en tres arquivos electrónicos, dentro do prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, www.sanxenxo.es (en diante perfil do contratante) e que utiliza a PCSP.

O órgano de contratación proporcionará a todos os interesados no procedemento de licitación, a mais tardar **catro días naturais antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, a información adicional sobre os pregos y demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a pidan, al menos oito días naturais antes** do transcurso do prazo de presentación das proposicións.

De acordo co art. 133 da LCSP, o órgano de contratación non divulgará a información facilitada polos licitadores que estes indicasen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. O carácter de confidencialidade afecta, entre outros, aos secretos técnicos ou comerciais, aos aspectos confidenciais das ofertas e a calquera outra información con contido que poida utilizarse para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento de licitación ou en noutros posteriores. O deber de confidencialidade do



órgano de contratación, así como dos seus servizos dependentes non poderá estenderse a todo o contido da oferta do adxudicatario. O deber de confidencialidade tampouco poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, respectando en todo caso o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato e a que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa natureza teña que ser tratada como tal, manténdose este deber durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información.

Coa promulgación do Real Decreto-lei 14/2019 do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razón de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións, modifícase entre outros, o artigo 122 da LCSP, ao establecer que os pregos mencinarán expresamente a obriga do futuro contratista de respectar a normativa vixente en materia de protección de datos e adicionalmente, aqueles contratos cuxa execución requira o tratamento polo contratista de datos persoais por conta do responsable do tratamento, neste prego faise constar o seguinte:

O obxecto deste contrato é a contratación dos "servizos complementarios e de colaboración na recadación, no período voluntario e executivo de todo tipo de sancións administrativas do Concello de Sanxenxo, como da súa xestión, agás as de natureza urbanística". Esta prestación implica a cesión de datos persoais para a tramitación dos correspondentes expedientes sancionadores, polo que é de obrigado cumprimento e calificadas como esenciais aos efectos do previsto en la letra f) do apartado 1 do artículo 211 da LCSP, as seguintes obrigas:

1ª) Os datos persoais que haberán de ser cedidos á empresa adxudicataria cinguirase única e exclusivamente para facer efectivo o obxecto do contrato, quedando expresamente prohibida calquera outro uso dos datos persoais que non graden estrita relación coa prestación do servizo.

2ª) O contratista sométese no previsto no Regulamento 679/2016 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/45/CE, e no previsto na Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais.

3ª) O contratista, antes da formalización do contrato, presentará declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos. Ase mesmo, o contratista comprométese a comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vixencia do contrato respecto da información recollida na referida declaración.

4ª) No caso que se teña previsto subcontratar servidores ou servizos asociados



aos mesmos, haberá de indicarse o nome ou perfil empresarial, definido por referencia ás condición de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización, antes da sinatura do contrato administrativo correspondente.

9.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

Os licitadores deberán presentar a proposición en tres arquivos electrónicos, nos que se fará constar a licitación á que se opta "**servizos complementarios e de colaboración na recadación, no período voluntario e executivo de todo tipo de sancións administrativas do Concello de Sanxenxo, como da súa xestión, agás as de natureza urbanística**" e a denominación do arquivo "A", "B" ou "C".

Os documentos que se acheguen en cada arquivo deberá ser orixinal ou copias autenticadas ante notario, todo elo conforme a lexislación vixente.

Dentro de cada arquivo incluíranse os seguintes documentos, asé como unha relación numerada dos mesmos:

A documentación a incluír no ARQUIVO ELECTRÓNICO "A" (Documentación administrativa) é a seguinte:

1.- Declaración responsable, conforme ao modelo que se achega como Anexo I. (No suposto de que varios licitadores concorran agrupados nunha unión temporal, aportarase unha declaración responsable por cada participante, na que figurará a información requirida neste modelo), que deberá estar firmada, referida a data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato e na que o licitador poña de manifesto:

- Se é o caso, que o licitador atópase inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia ou, para licitadores estranxeiros, nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea e que as circunstancias que figuran neles, respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación, autorizando á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos alí recollidos.
- Que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación, ase como que o asinante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e daquela.
- Que o licitador conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica.
- Se é o caso, se o licitador recorre ás solvencias e medios doutras entidades (integración da solvencia con medios externos) (Márquese se procede e indique a que entidades se recorre).



- Que o licitador conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.
- Que o licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar do art. 71 da LCSP, por se mesmo nin por extensión, por aplicación do punto terceiro do artigo citado neste parágrafo.
- Se é o caso, que o licitador recorre ás capacidades doutras entidades para executar parte do contrato. (Márquese se procede).
- Que a mercantil á que represento e presenta a proposición é ou non unha PEME.
- Se, de acordo co disposto no artigo 133 da LCSP, declara como confidencial a documentación contida na oferta_____.
- Que o licitador ten ou non vinculación con empresas.
- Se se trata dunha empresa estranxeira, a declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.
- Comprométome a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no seguinte correo electrónico: _____

No suposto de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, aportarase unha declaración responsable por cada participante, na que figurará a información requirida no modelo do **ANEXO I** e, adicionalmente, aportarase o compromiso de constituír unión temporal polos empresarios que sexan parte da mesma, conforme ao modelo que figura no **ANEXO II**.

O órgano de contratación ou a Mesa de Contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou a fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

2.- Compromiso de constituír unión temporal polos licitadores que sexan parte da mesma, conforme ao modelo que se achega como Anexo II. (Só no suposto de concorrencia nunha unión temporal). Deberá estar asinada por todos os licitadores que se agrupen en unión temporal.

A documentación a incluír no ARQUIVO ELECTRÓNICO "B" (Oferta. Criterios Avaliables mediante Xuízo de Valor) é a seguinte:

Proposta adaptada aos criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor, conforme ao modelo que se achega como ANEXO III, que deberá conter a documentación sinalada na cláusula 6ª apartado A) que é a seguinte:



I) Equipo adscrito á execución do contrato, con especial incidencia no relativo aos medios persoais.

II) Plan de desenvolvemento dos traballos, atendendo á estrutura organizativa do Concello de Sanxenxo, analizando os seguinte aspectos:

- a. Secuencia de esforzos tendentes á axilizar a xestión en fases iniciais, limitando, polo tanto a xestión en fase executiva.
- b. Estudo detallado de todas as opción dirixidas a mellorar e acurtar os tempos de notificación.
- c. Medidas tendentes a axilizar a xestión evitando a prescrición das infraccións ou a caducidade dos procedementos.

III) Adaptación do procedemento sancionador á normativa da Administración Electrónica.

IV) Plan do Tratamento de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (especial atención á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, ase como ao Real Decteto-lei, do 31 de outubro).

A documentación a incluír no ARQUIVO ELECTRÓNICO "C" (Oferta Criterios Avaliables Matematicamente) é a seguinte:

Proposta adaptada aos criterios de adxudicación avaliables matematicamente (*Oferta económica e Defensa e representación xurídica*), conforme ao modelo que se achega como ANEXO IV.

10.-MESA DE CONTRATACIÓN.

Actuará neste procedemento de contratación a Mesa de Contratación Permanente do órgano de contratación a "Alcaldía" (en diante Mesa), coa seguinte composición, establecida por Resolución da alcaldía de data 10 de febreiro de 2020, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 18 de febreiro de 2020:

- **O Presidente da Mesa:** o Alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Telmo Martín González. Como suplente a Primeira Tenente Alcaldesa, Dona María Deza Martínez.
- **O Secretario da Mesa:** o tesoureiro municipal, Don Luís Ángel Sabariz Rolán. Como suplente, a funcionaria da Intervención, Dona Teresa Amado Moldes.
- **Os Vogais:**



- O Interventor xeral, Don José Juan Vidal Vilanova. Como suplente, o funcionario da Intervención municipal, Don Celso Lede Porto.
- O Secretario xeral, Don Ángel Luis López Pita. Como suplente, o asesor xurídico do Concello, Don José Manuel Rey Rial.
- O persoal dependente do órgano de contratación, Dona Esther Area Fontán. Como suplente, Don Carlos Granjel Dios.

Todos os membros da Mesa terán dereito a voz e voto, agás o secretario que só terá voz, pero sen voto, tal e como sinala o artigo 21.6 do Real decreto 817/2009 do 8 de maio.

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, do seu presidente, secretario e os vogais en funcións de asesoría xurídica e intervención, que forman parte da unidade de custodia á que se refire a ferramenta da PCSP, que teñen que estar presentes na sesión para poder proceder á apertura dos arquivos electrónicos. O descifrado das ofertas unicamente será efectuado polo secretario da Mesa ou polo seu suplente.

A Mesa será o órgano competente para efectuar a cualificación da documentación administrativa, así como para realizar a avaliación e clasificación das ofertas. Se no PCAP se fixan criterios de adjudicación dependentes de xuízo de valor, a valoración dos mesmos será efectuada por técnicos competentes.

A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación das proposicións presentadas, pero dita asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá reflectirse no expediente, xunto coa identidade dos técnicos.

11.- NOTIFICACIÓNS AOS LICITADORES.

De conformidade coa Disposición Adicional Decimoquinta da LCSP, o Concello realizará as notificacións, utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polos licitadores. *Os prazos a contar dende a notificación computaranse dende a data do envío da mesma*, sempre que o acto obxecto da notificación se publicase o mesmo día no Perfil de contratante. En caso contrario os prazos computaránse dende a recepción da notificación polo interesado.

O prazo para considerar rexeitada a notificación electrónica, cos efectos previstos no art. 41.5 da Lei 39/2015, será de dez días naturais computados desde que se teña constancia da súa posta a disposición do interesado, sen que se acceda ao seu contido, agás que de oficio ou a instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

12.-PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO.

Ao tratarse dun procedemento aberto, a adjudicación desenvolverase conforme ao seguinte trámite:



1º) A Mesa reunirase na Secretaría do Concello, o primeiro día hábil seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións para a **apertura do arquivo electrónico "A"**. **Se examinada a documentación administrativa (Anexo I, no seu caso Anexo II) nalgunha proposición, se detectasen erros ou omisións susceptibles de subsanación, a Mesa procederá a comunicalo ao interesado** mediante comunicación electrónica, que se realizará utilizando o servizo da PCSP á dirección electrónica designada polos licitadores, **para que no prazo de DOUS DÍAS HABLES, a contar desde o envío da comunicación, os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións**. A documentación presentarase a través da PCSP ata as 14.00 horas. Faise constar que, se o prazo rematase en día inhábil, se ampliará ao día seguinte hábil.

2º) Na mesma sesión da Mesa, sempre que non existisen propostas con erros susceptibles de subsanación ou na seguinte reunión da Mesa, unha vez transcorrido o prazo de subsanación de defectos, procederase, no seu caso, **a exclusión das ofertas que non presentasen correctamente, conforme ao sinalado neste prego, a documentación esixida no arquivo electrónico "A" e á apertura do arquivo electrónico "B" das Propostas que non fosen excluídas no procedemento de licitación, dando a continuación traslado da documentación incluída no Anexo III correspondente aos criterios de adxudicación dependentes de xuízo de valor das ofertas que non fosen excluídas por erros na presentación da documentación administrativa, ao técnico correspondente, para emitir informe sobre se procede a exclusión de algunha oferta por non cumprir os requisitos esixidos na cláusula 6ª do PCAP e a valoración da documentación presentada respecto destes criterio das ofertas que non fosen excluídos por incumprimento**.

3º) Emitido o informe técnico sinalado no punto anterior, a Mesa reunirase para tomar coñecemento do informe técnico sobre, no seu caso, **a exclusión de ofertas por incumprimento dos pregos e a valoración dos criterios de adxudicación dependentes de xuízo de valor das ofertas admitidas, procedendo a continuación, no seu caso, á exclusión das ofertas presentadas que non cumpan co sinalado ou que non alcancen a puntuación mínima esixida na cláusula 6ª do PCAP e, seguidamente, procederá á apertura do arquivo electrónico "C" das Propostas que non fosen excluídas anteriormente no procedemento de licitación**.

4º) Finalmente a Mesa procederá a **avaliación** de cada unha das propostas que non fosen excluídas anteriormente **e as clasificará por orde de puntuación** sumando todos os criterios de adxudicación.

5º) **Se como consecuencia da valoración das ofertas presentadas existe un empate entre varios licitadores coa puntuación mais elevada**, tal circunstancia comunicarase pola PCSP, concedendo un prazo de tres días naturais, contado a partir da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores que estean na situación de empate presenten na PCSP (ata as 14.00 h.), a documentación para valorar o criterio de desempate que figura na cláusula 7ª deste prego. Faise constar que, se o prazo rematase en día inhábil, se ampliará ao día seguinte hábil. Unha vez presentada a documentación



polos licitadores en esta situación, a Mesa, previos os informes que considere oportunos, procederá a súa valoración e clasificación, tendo en conta os criterios de desempate, para determinar a quen se propoñerá como adxudicatario, facendo constar que se coa aplicación dos criterios de desempate, se producise unha nova igualdade, realizarase un sorteo entre os que estean en situación de empate, para decidir a que sen propón como adxudicatario.

6º) Unha vez realizada a valoración e clasificación e tramitado no seu caso o procedemento indicado no parágrafo anterior para o caso de empate, antes de proceder a realizar a proposta de adxudicación, **a Mesa procederá a identificar se existen ofertas incursas en presunción de anormalidade, para o criterio da Oferta Económica**, utilizando os seguintes criterios:

Aplicarase o disposto nos artigos 85.1 ao 85.5 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o regulamento Xeral da Lei de Contratos.

Cando aplicando estes criterios, a Mesa identifique que a oferta do licitador que obtivo a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa, a Mesa, seguirá o procedemento previsto no art.149 da LCSP, debendo o licitador afectado, no prazo máximo de ***tres días hábiles*** contados a partir do seguinte a aquel no que reciba a comunicación, que se realizará a través da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, xustificar e desagregar, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos. Concretamente a Mesa poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou dos seus custos. A Mesa, logo do asesoramento técnico polo servizo correspondente, avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo, elevando de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeite ao órgano de contratación. De conformidade co disposto no art. 149.4 da LCSP, se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes anteriormente mencionados, estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode cumprirse como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación, porque vulneran a normativa sobre subcontratación, ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, tanto nacional, como internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación ao establecido no artigo 201 da LCSP; e acordará a adxudicación a favor da seguinte oferta con maior puntuación.

7º) **Realizar a proposta de adxudicación** a favor do candidato con mellor puntuación, ou no seu caso, ao que resultase proposto por aplicación dos criterios de desempate. A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte ao ente contratante. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

13.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.



Unha vez **aceptada a proposta da Mesa polo órgano** de contratación e do que se deixará constancia no expediente, **no caso de que o licitador proposto para a adxudicación SI comunicase na declaración responsable que está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do Estado, no da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea**, logo de comprobar no rexistro ou lista que corresponda que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, que o licitador proposto para a adxudicación ostenta a solvencia económica, financeira e técnica e que non está incurso en ningunha prohibición para contratar, os servizos correspondentes requirirán ao licitador proposto, mediante comunicación electrónica que se realizará utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polo licitador proposto, para que **dentro do prazo dos dez días hábiles a contar desde o seguinte** a aquel no que reciba este requirimento, presente a seguinte documentación, orixinal, compulsada ante notario ou no Concello:

- a) **Acreditación de constituír, por algún dos medios previstos no art. 108.1 da LCSP, a garantía definitiva do 5% do valor estimado do contrato (9.917,35 euros).**
- b) **No suposto de que mediante a consulta no Rexistro Oficial non se poidese acreditar a solvencia económica e financeira e técnica esixida, o licitador con maior puntuación deberá presentar documentación acreditativa dos criterios de solvencia conforme ao sinalado na clausula 5 do PCAP.**
- c) **No suposto de que mediante a consulta no Rexistro Oficial non se poidese acreditar de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE- , Estado e coa Seguridade Social),** deberá acreditalo coa presentación das certificación correspondentes. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.
- d) **No caso de que así o especificasen na oferta, aportar o compromiso das entidades as que se recorre, para acreditar tanto capacidade, como solvencias.**
- e) **No caso de que se recorra as capacidades doutras empresas, tamén terá que presentar a documentación anterior referida as empresas as que se recorra.**



No caso de que o licitador proposto para a adxudicación NON comunicase na declaración responsable que está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do Estado, no da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea, os servizos correspondentes requirirán ao licitador proposto, mediante comunicación electrónica que se realizará utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polo licitador proposto, para que dentro **do prazo dos dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel no que reciba este requirimento, presente a seguinte documentación, orixinal, compulsada ante notario ou no Concello:

- a) **Acreditación de constituír, por algún dos medios previstos no art. 108.1 da LCSP, a garantía definitiva do 5% do valor estimado do contrato (9.917,35 euros).**
- b) **Acreditación de que a empresa está debidamente constituída mediante a escritura ou documento de constitución da sociedade, os estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.**
- c) **Acreditación de que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta** mediante poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante ou ben mediante apoderamento realizado ante o Secretario Xeral do ente contratante.
- d) **No suposto de que mediante a consulta no Rexistro Oficial non se poidese acreditar a solvencia económica e financeira e técnica esixida,** o licitador con maior puntuación deberá presentar documentación acreditativa dos criterios de solvencia conforme ao sinalado na cláusula 5 do PCAP.
- e) **No suposto de que mediante a consulta no Rexistro Oficial non se poidese acreditar de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE- , Estado e coa Seguridade Social),** deberá acreditarlo coa presentación das certificacións correspondentes. No que respecta ao IAE presentácese a alta, referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.
- f) **No caso de que así o especificasen na oferta, aportar o compromiso das entidades as que se recorre, para acreditar tanto capacidade, como solvencias.**



- g) No caso de que se recorra as capacidades doutras empresas, tamén terá que presentar a documentación anterior referida as empresas as que se recorra.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo da súa consideración como causa de prohibición para contratar por non cumprimentar o requirimento no prazo mediando dolo, culpa o negligencia. Neste suposto, procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde de clasificación das ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, mediante resolución motivada que se notificará aos licitadores no prazo de quince días e que se publicará no perfil do contratante. Na notificación e na publicidade citadas deberá figurar como mínimo a información sinalada no art. 151.2 da LCSP. A notificación farase utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada por cada licitador.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación deste contrato será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, prazo que se ampliará en quince días hábiles no caso de que fose necesario seguir os trámites para determinar se existen ofertas anormalmente baixas. De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Ao ser este contrato susceptible do recurso especial en materia de contratación, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

Os servizos dependentes do órgano de contratación **requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibiu o requirimento, unha vez transcorrido o prazo**



previsto no parágrafo anterior sen interposición de recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, esixiralle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo, en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se houberse constituído, sen prexuízo da súa consideración como causa de prohibición para contratar.

Neste caso o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde de clasificación das ofertas, previa presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, nos prazos que procedan.

Se as causas da non formalización fosen imputables ao ente contratante, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que aa demora lle puidese ocasionar.

No poderá procederse á execución do contrato con carácter previo a súa formalización.

Con carácter previo a formalización do contrato a empresa deberá dar cumprimento aos apartados 3 e 4 da cláusula 8ª deste prego referentes ao tratamento polo contratista de datos persoais, en cumprimento do disposto no Real Decreto-lei 14/2019 do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razón de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións e no propio artigo 211 da LCSP.

15. DURACIÓN DO CONTRATO:

o contrato terá unha duración de **dous anos**, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura, **sen posibilidade de prórroga.**

16. - MODIFICACIÓNS DO CONTRATO.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán acordarse polo órgano de contratación, sempre que se cumpran todos os requisitos enumerados no art. 205.1 da LCSP, nos supostos previstos no art. 205.2 da LCSP, mediante o procedemento do art. 191 da LCSP, coas especialidades previstas no art. 207 da mesma norma. As modificacións deberán formalizarse conforme ao disposto no art. 153 da LCSP e publicarse no perfil do contratante no prazo de cinco días desde a súa aprobación, mediante anuncio ao que se acompañarán as alegacións do contratista e todos os informes previos a súa aprobación. As modificación acordadas serán obrigatorias para o contratista, cando impliquen aislada ou conxuntamente unha alteración na súa cuantía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato excluído o IVE. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días



naturais contado desde a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

17.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO E CONDICIÓN ESPECIAL DE EXECUCIÓN.

O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais e as súas normas regulamentarias e de desenvolvemento.

É obriga esencial, que o contratista cumpra co disposto no Real Decreto-lei 14/2019 do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razón de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións e en todo o referente a materia de protección de datos.

Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato. Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte ao da produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde á responsabilidade dos danos. O exercizo desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción. A reclamación formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

As condicións especiais de execución do contrato son as seguintes:

A) Mediambientais:

- Minimización da xeración de residuos perigosos e non perigosos, así como a súa reutilización ou reciclaxe.
- Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

B) Outras condicións especiais: Elaboración dun informe de carácter semestral onde se poña de manifesto a aplicación e cumprimento da normativa de protección de datos.

18.-PENALIDADES.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a



continuación:

- a) **Por demora na execución do contrato:** Tendo en conta que a constitución en mora do contratista non precisará intimación previa do ente contratante, cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,60 € por cada 1.000,00 € do prezo do contrato, IVE excluído. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para resolver o contrato ou acordar a continuidade na execución do mesmo con imposición de novas penalidades.
- b) **Por cumprimento defectuoso total ou parcial da prestación obxecto do contrato ou por incumprimento dos compromisos do contratista incluídos na oferta presentada respecto dos criterios de adxudicación ou por incumprimento das condicións especiais de execución:** Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, este realice algún dos incumprimentos citados no título deste apartado, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición das seguintes penalidades:
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade, tendo en conta que a totalidade das mesmas non poderán superar o 50 por cento do prezo do contrato, IVE excluído.
 - Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non houbese sido a mellor valorada.

No suposto de incumprimento parcial ou defectuoso no que as penalidades non cubrisen os danos causados ao ente contratante, este esixirá ao contratista indemnización por danos e prexuízos.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, a proposta do responsable do contrato, sendo inmediatamente executivo o acordo e facéndose efectivas mediante dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía, cando non poidan deducirse dos mencionados pagamentos.

No suposto de resolución por demora na execución imputable ao contratista, esta deberá



acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista e o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

19.- RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA E ABOAMENTO DO PREZO.

A retribución do contratista será a seguinte:

- **Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico:**
 - i. **Dos ingresos efectuados en concepto de multas de tráfico en período voluntario, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 34% do recadado (IVE excluído).**
 - ii. **Se os ingresos se efectúan en vía de constrinximento, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 40% do principal recadado (excluído IVE).**
- **Colaboración na xestión e recadación dos restantes expedientes administrativos sancionadores de natureza distinta ás multas de tráfico, agás as de natureza urbanística:**
 - i. **Ingresos en período voluntario:**
 1. **O 39% da recadación líquida cando o importe da sanción non supere os 600,00 euros.**
 2. **O 29% da recadación líquida cando o importe da sanción se sitúe entre 601,00 euros e 6.000,00 euros.**
 3. **O 19% da recadación líquida cando o importe da sanción supere os 6.000,00 euros.**
 - ii. **Ingresos en período executivo:**
 1. **O 39% da recadación líquida cando o importe da sanción non supere os 600,00 euros.**
 2. **O 34% da recadación líquida cando o importe da sanción se sitúe entre 601,00 euros e 6.000,00 euros.**
 3. **O 24% da recadación líquida cando o importe da sanción supere os 6.000,00 euros.**

Partindo do anterior a retribución do contratista virá determinada polos ingresos dos procedementos sancionadores (recadación líquida) e das porcentaxes ofertadas, que non poderán ser superiores ás sinaladas nesta cláusula.

O contratista terá dereito ao abono do servizo realizado a mes vencido mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído, debidamente informada potos servizos correspondentes e a conformidade a mesma do responsable do contrato segundo o disposto neste prego.



A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE).

20.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA.

O prazo será **de un (1) ano**, contado desde a finalización do contrato.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, tódalas deficiencias que poidanse observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incorrer, dacordo co establecido no presente prego e na LCSP

Trancorrido o prazo de garantía, senón resultasen responsabilidades, devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao contratista no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a administración aboará ao contratista a cantidade adebedada incrementada co xuro legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixese efectiva por causa imputable á administración. Nos casos de cesión de contratos non procederá a devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que estivese formalmente constituída a do cesionario.

21.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

A cesión non procede, e aplicarase a estes efectos a disposto no artigo 214 da LCSP.

A subcontratación, procede no suposto indicado na cláusula 8ª punto 4) do presente Prego. A estes efectos o contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, no referente ao tratamento dos datos de carácter persoal. A estes efectos e, de conformidade co disposto no art. 215 da LCSP, e na cláusula 14 do presente Prego o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e pevia a formalización do contrato, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista e xustificando suficientemente a aptitude deste e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calqueira modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.



A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e ase se xustifica suficientemente.

A infracción das condicións para proceder á subcontratación, ase como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do art. 211 de la LCSP.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito ao PCAP e ao PPT e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia medioambiental, social ou laboral.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións que o contratista deba realizar ou a autorización que otorgue nos contratos de carácter secreto ou reservado, ou naqueles cuia execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais, no alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do art. 71 da LCSP.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte á Entidad Local contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos, sen prexuízo da disposición adicional 51ª da LCSP.

22.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 211 e 294 da LCSP, que se aplicará na forma prevista no art. 212 da LCSP e cos efectos citados nos arts. 213 e 295 da LCSP.



23.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA.

Serán da súa conta todos os gastos recollidos no PPT, ase como os gastos en tributos de calqueira Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente. Tamén serán da súa conta, no seu caso, de todos os gastos derivados da formalización do contrato.

24.-RESPONSABLE DO CONTRATO.

A efectos do disposto no art.62 da LCSP o responsable do contrato será o/a alcalde - presidente

En Sanxenxo

A alcaldesa accidental María Deza Martínez

(documento asinado electronicamente na data que figura ao pe)



ANEXO I (Incluirase no arquivo electrónico A) DECLARACIÓN RESPONSABLE

No caso de que concorran varios licitadores agrupados nunha unión temporal, aportarase unha declaración por cada licitador axustada a este modelo.

Denominación do contrato: "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONES ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO, ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA"

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de notificación:

No caso de actuar en representación dunha persoa xurídica: Entidade mercantil á que representa:

CIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1º) Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.

2º) Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP), o prego de prescricións técnicas, ase como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.

3º) Que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación, ase como que o asinante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e daquela. (no caso de persoas xurídicas).

4º) Se é o caso, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación, autorizando á Mesa de Contratación e ao órgano de Contratación para consultar os datos alí recollidos :

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición).



5º) Se é o caso, e no suposto de que o licitador sexa estranxeiro, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- está inscrita nas listas oficiais de operadores económicos de _____, Estado membro da Unión Europea e que as circunstancias que nel figuran, respecto dos requisitos esixidos para a admisión neste procedemento de contratación, son exactas e non experimentaron variación, autorizando á mesa de contratación e ao órgano de Contratación para consultar os datos alí recollidos.

6º) Que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

7º) Que dispoño do compromiso da entidade/s _____ para executar as seguintes partes do contrato _____ (Só se o licitador na súa oferta indica que recorre ás capacidades doutras entidades).

8º) Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, ni ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos nalgún dos supostos aos que se refire o artigo 71 da LCSP.

9º) Que o licitador conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica.

10º) Se é o caso, se o licitador recorre ás solvencias e medios doutras entidades (integración da solvencia con medios externos) (Márquese se procede e indique a que entidades se recorre).

11º) No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

12º) De acordo co disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta: _____.

13º) Que a mercantil á que represento e presenta a proposición é ou non unha PEME (márquese o que proceda)

- SI
- NON

14º) Que o licitador non ten vinculación con ningunha empresa. No caso de que sí exista vinculación, declaro que as empresas coas que existe vinculación son as seguintes:

15º) **Comprométome** a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no seguinte correo electrónico: _____

Lugar, data e sinatura electrónica/dixital.



ANEXO II (Se é o caso incluírase no arquivo electrónico A)

COMPROMISO DE CONSTITUIR UNIÓN TEMPORAL POLOS LICITADORES QUE SEXAN PARTE DA MESMA (Só no suposto de que varios licitadores concorran agrupados nunha unión temporal).

Contrato obxecto da licitación: "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONS ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO, ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA"

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D. N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D. N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

DECLARAN O SEGUINTE:

- I. Que manifestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) de acordo coa Lei 18/1982, do 26 de maio, comprometéndose, en caso de resultar adxudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución da devandita UTE por medio escritura pública, estando obrigados solidariamente.
- II. Que a participación que cada empresa ostentará na unión temporal de empresas será a que se detalla a continuación (expresada en porcentaxe):
 - _____ participará nun ____%.
 - _____ participará nun ____%.
 - _____ participará nun ____%. (...)
- III. Que para os efectos mencionados, os intervinientes designan como representante único da devandita unión (xerente) a D/D^a _____, con D.N.I. nº _____.
- IV. Que de igual modo, designan como domicilio único a efectos de notificacións a seguinte dirección _____ (física) _____ (electrónica).

Lugar, data e sinatura electrónica/dixital.



ANEXO III (Incluirase no arquivo electrónico B)

PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.

D -----, DNI nº -----e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no
procedemento de contratación da "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE
COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO
DE TODO TIPO DE SANCION ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO,
ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA",
comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares
(PCAP), ao de prescricións técnicas (PPT) e a presente oferta, que se axusta aos criterios
de adxudicación, avaliados mediante xuízo de valor, fixados na cláusula 6ª, Criterio A do
PCAP e compañeiro a seguinte documentación:

- I) Equipo adscrito á execución do contrato, con especial incidencia no relativo aos medios persoais.
- II) Plan de desenvolvemento dos traballos, atendendo á estrutura organizativa do Concello de Sanxenxo, analizando os seguintes aspectos:
 - d. Secuencia de esforzos tendentes á axilizar a xestión en fases iniciais, limitando, polo tanto a xestión en fase executiva.
 - e. Estudo detallado de todas as opcións dirixidas a mellorar e acurtar os tempos de notificación.
 - f. Medidas tendentes a axilizar a xestión evitando a prescrición das infraccións ou a caducidade dos procedementos.
- III) Adaptación do procedemento sancionador á normativa da Administración Electrónica.
- IV) Plan do Tratamento de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (especial atención á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, ase como ao Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro).

Lugar, data e sinatura electrónica/dixital.



ANEXO IV (Incluirase no arquivo electrónico C)

PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

D -----, DNI nº -----e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----,a efectos de incorporar á súa proposta para participar no
procedemento de contratación dos "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE
COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO
DE TODO TIPO DE SANCIÓN ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO,
ASÍ COMO DA SÚA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA",
comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares
(PCAP), ao de prescricións técnicas (PPT) e a presente oferta, que se axusta aos criterios
de adxudicación avaliados de forma automática, fixados na cláusula 6ª, Criterio B do
PCAP:

1º) Oferta económica: Ofrezco a prestación do "SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE
COLABORACIÓN NA RECADACIÓN, NOS PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DE TODO
TIPO DE SANCIÓN ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO DE SANXENXO, ASI COMO DA
SUA XESTIÓN, AGÁS AS DE NATUREZA URBANÍSTICA" **polas seguintes porcentaxes**
de recadación para cada un dos conceptos fixados na cláusula 6ª apartado B) deste
prego, así como na cláusula 19ª:

I) Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico en período voluntario:
Ofrezco unha % de baixa sobre o 34% da recadación líquida en período voluntario de
___% (Ata 10 puntos).

II) Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico en período executivo: A
Ofrezco unha % de baixa sobre o 40% do principal recadado en período executivo de
___% (Ata 10 puntos)

III) Colaboración na xestión e recadación dos restantes expedientes administrativos
sancionadores de natureza distinta as multas de tráfico, agás as de natureza urbanística:

a En período voluntario segundo a contía da sanción e respecto das % (39, 29 e
19) do principal recadado ofrezco:

i ___ % de baixa sobre o 39% (sancións ata 600,00 €)

ii ___% de baixa sobre o 29% (sancións entre 601,00 € e 6.000,00 €)

iii ___% de baixa sobre o 19% do recadado (sancións de mais de 6.000,00
€), (Ata 10 puntos).

b En período executivo segundo a contía da sanción e respecto das % (39, 34 e
24) do principal recadado ofrezco:

i ___% de baixa sobre o 39% (sancións ata 600,00 €)

ii ___% de baixa sobre o 34% (sancións entre 601,00 € e 6.000,00 €)



iii ___% de baixa sobre o 24% (sancións de mais de 6.000,00 €). (Ata 10 puntos).

2º) Defensa e representación xurídica: No caso de ser adxudicatario deste contrato, asumirase a defensa e representación xurídica do Concello e do Organismo Autónomo Terra nos recursos contencioso-administrativos derivados de todos os procedementos sancionadores derivados dentro deste ámbito contractual.

SI

NON

Lugar, data e sinatura electrónica/dixital.



EXPTE. Nº 19/2020 (ELECTRÓNICO 2020007729): "SERVICIOS COMPLEMENTARIOS Y DE COLABORACIÓN EN LA GESTIÓN DE RECAUDACIÓN, EN LOS PERIODOS VOLUNTARIO Y EJECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONES ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DE SU GESTIÓN, EXCEPTO LAS DE NATURALEZA URBANÍSTICA".

PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REGIRÁN LA CONTRATACIÓN DE LOS "SERVICIOS COMPLEMENTARIOS Y DE COLABORACIÓN EN LA RECAUDACIÓN, EN LOS PERÍODOS VOLUNTARIO Y EJECUTIVO DE TODO TIPO DE SANCIONES ADMINISTRATIVAS DEL AYUNTAMIENTO DE SANXENXO, COMO DE SU GESTIÓN, EXCEPTO LAS DE NATURALEZA URBANÍSTICA" MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.- OBJETO DEL CONTRATO, JUSTIFICACIÓN DE LA NO DIVISIÓN POR LOTES, RÉGIMEN JURÍDICO Y JURISDICCIÓN COMPETENTE.

El objeto del contrato es la contratación de los "servicios complementarios y de colaboración en la recaudación, en el período voluntario y ejecutivo de todo tipo de sanciones administrativas del Ayuntamiento de Sanxenxo, como de su gestión, excepto las de naturaleza urbanística", conforme a este pliego de cláusulas administrativas particulares (en adelante PCAP), al de prescripciones técnicas (en adelante PPT) y la oferta presentada por el contratista, teniendo todos ellos carácter contractual. En caso de discrepancia entre pliegos, primará el señalado en el PCAP. Su codificación, correspondiente al número de referencia del Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), es CPV es 66600000-6 "Servicios de tesorería".

En cumplimiento del establecido en el art. 99.3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, en adelante LCSP, se justifica la no división en lotes. Esta no procede al amparo de lo dispuesto en el artículo anterior en su apartado b) que señala:

"b) El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente"

Se entiende que no es posible la división en lotes, teniendo en cuenta las fases o la ejecución de los trabajos (división horizontal) objeto del contrato, dado que la fase de colaboración en la recaudación de procedimientos sancionadores, constituye una fase en sí misma de los procedimientos sancionadores y por lo tanto indivisible, con substantividad y autonomía propia, por lo que en la práctica sería muy difícil realizar alguna división de los trabajos en cuestión.



Si se tiene en cuenta, la posibilidad de dividir en lotes el presente contrato, desde el punto de partida de procedimientos sancionadores (división vertical), igualmente queda justificado la no división debido la que:

- Si se definieran los procedimientos sancionadores por lotes, quedaría cerrada la posibilidad de que ante la promulgación de una norma sancionadora, no hubiera empresa encargada de la colaboración en la recadación. Por lo tanto, de esta forma el presente procedimiento de contratación de servicios tiene un carácter global en el que concierne a la colaboración y tramitación en la aspecto recadatorio de los procedimientos que instruyan materia sancionadora.
- Mayor claridad y transparencia para el ciudadano en la ejecución de los trabajos ante una única empresa adjudicataria, en contraposición la una pluralidad de empresas adjudicatarias.
- Existiría para el Ayuntamiento (Alcaldía, Tesorería, Intervención, Policía Local...) una mayor dificultad en la coordinación de los trabajos.

En definitiva, y en base a los arqumentos expuestos, la división por lotes del objeto del contrato dificultaría la correcta ejecución del contrato, con el evidente perjuicio que esto supondría para la Administración contratante.

Las contraprestacións objeto de este contrato son propias del administrativo de servicios y, como tal, las partes se someten a la legislación de contratos del sector público (LCSP, R.D.1098/01, del 12 de octubre, por lo que se aprueba la Legislación General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, en adelante RXC y R.D.817/2.009); supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho personal.

